

ASPECTOS LINGÜÍSTICOS DA NEOLOXÍA NA LINGUA GALEGA

RAÚL ARAYA TAULER
XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE
(Universidade de Vigo)

Voilà donc le premier principe de la néologie: seules restent vivantes les langues qui se modifient suivant le cours du temps, que s'adaptent aux circonstances et aux besoins nouveaux, sans être momifiées par un conservatisme et un purisme excessifs (L. Deroy, 1971: 6)

0. Obxectivos do traballo. 1. Introducción: neoloxía e normalización lingüística. 2. A neoloxía: principios teóricos e metodológicos. 3. O *corpus* de traballo. 4. Criterios de clasificación. 4.1. Neoloxismos formais. 4.1.1. Derivación 4.1.1.1. Por sufixación. 4.1.1.1.1. A creación de substantivos e adjetivos. 4.1.1.1.2. A creación de verbos. 4.1.1.2. Por prefixación. 4.1.1.3. Por derivación parasintética. 4.1.2. Composición. 4.1.2.1. Por composición non culta. 4.1.2.2. Por composición culta. 4.1.3. Por sintagmación. 4.1.4. Por abreviación. 4.2. Neoloxismo semántico. 4.3. Préstamos. 5. Calco. 6. Conclusións. 7. Listado de exemplos.

0. Obxectivos

O obxectivo deste traballo é tentar dar unha pequena visión da vertente lexicolóxica da neoloxía aplicada á lingua galega, partindo dun traballo eminentemente lexicográfico como é o da recollida dos neoloxismos aparecidos na prensa galega.

Empezaremos facendo un breve percorrido polas tendencias neolóxicas que se poden estudiar ó longo do proceso de normalización da lingua para pasarmos a unha análise dun corpus de mostra non exhaustivo que nos permitirá falar da rendibilidade dos distintos procedementos morfolóxicos na creación de neoloxismos.

Falar de neoloxía (a disciplina que estuda os fenómenos de creación léxica) na lingua galega é referirse a unha parte da súa loita por adaptarse á modernidade despois de moitos séculos de marxinación e de afastamento da normalidade. Falarmos de neoloxía implica tamén referirse á continua tensión existente entre o necesario purismo imprescindible para a creación dun estándar léxico e á vitalidade da lingua falada e escrita. Hai que considerar estas dúas circunstancias en calquera achegamento ó léxico vivo da nosa lingua porque se reflicten tanto nas obras lexicográficas (feito que condiciona calquera traballo de investigación sobre neoloxía en lingua galega) coma nos textos de difusión.

1. Introducción: neoloxía e normalización lingüística

O proceso de normalización da lingua que leva á creación más ou menos sistemática de neoloxismos iníciase praticamente no século XIX cando comeza a reivindicación da lingua galega como lingua de cultura. Neste momento aparecen as primeiras obras lexicográficas e gramaticais¹ e albiscase un “purismo emerxente” que intenta expurga-la lingua dos castelanismos e afastala, con maior ou menor rigor científico, do castelán. Neste mesmo século reencóntrase a tradición medieval perdida durante varias centurias e activanse mecanismos totalmente neolóxicos coma a recuperación do arcaísmo e os procedementos internos de creación de palabras coma a derivación (Fernández & Monteagudo, 1995:123). Xa no século XX e ata o levantamento militar de 1936 acentúanse os procesos anteriores debido ós novos usos que vai adquirindo a lingua galega, sobre todo no que atinxe á creación de textos orixinais de prosa non literaria². En palabras de Fernández Salgado e Monteagudo:

“Os escritores galegos por unha parte descobren novas fontes de recursos lexicais (o galego antigo, o portugués literario) e por outra banda acoden directamente a fontes potenciais de arrequeñamento vocabular, de xeito que aparecen arcaísmos, os lusismos e os estranxeirismos non casteláns, [...] intensificanse os procesos de formación de palabras novas e amplíase o campo semántico de moitas palabras do léxico patrimonial mediante o procedemento do calco [...] e do empréstito principalmente portugués” (1995:133-134).

Durante o período que vai da guerra civil ata os anos 70, cando se recuperan dunha maneira sistemática os intentos de elaboración dun estándar

para a lingua galega, son tamén evidentes os esforzos para o establecemento dun estándar léxico entre os que destaca a redacción de obras orixinais que leva a aparición de neoloxismos creados por procedementos derivativos, unha intensificación do empréstito, unha consolidación dos arcaísmos que xa estaban en circulación dende finais do século XIX e o recurso da ampliación semántica e a metaforización (especialmente para o emprego de palabras populares, de significado moi concreto, en contextos cultos, necesarias para o novo tipo de textos que van aparecendo ó longo destes anos: *encetar, canle de comunicación, esculca científica, eido da economía, aparello productivo*, etc).

A época actual, a da "oficialidade" da lingua galega, a da aparición de diccionarios, que reflecten un estándar léxico planificado, e das gramáticas, a do labor terminolóxico, é debedora en certa medida das épocas anteriores pero cuns obxectivos completamente distintos. Téntase nestes momentos normalizar plenamente o uso da lingua no país e para iso existen claramente definidos procesos de codificación e de difusión do estándar. Non hai que esquece-lo avance que supuxo a aparición e ampla difusión do Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG, un listado léxico normativo que tivo un verdadeiro carácter neolóxico, ou antineolóxico, pois incorporou moitas propostas planificadas para cubrir baleiros denominativos tanto no ámbito da lingua xeral coma nas linguas de especialidade e semiespecialidade). Especialmente importantes foron os traballos terminolóxicos que se veñen elaborando dende 1983, pois incorporaron moitos neoloxismos ás linguas de especialidade (Rodríguez Río, 1996).

Precisamente, os estudos sobre neoloxía xorden cando o traballo terminolóxico está en funcionamento. Non debemos esquecer que moita da terminoloxía que se fai é puramente neolóxica, debido ás múltiples necesidades denominativas, e que aquela disciplina forneceulle á neoloxía moitos dos seus principios metodológicos (Boulanger, 1984:7). Neste contexto actual é onde se nota unha maior preocupación polo estudio da neoloxía espontánea e planificada e aparecen os estudos de Neoloxía como materias específicas de licenciaturas como Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación, destinadas á descripción dos fenómenos de creación léxica e á formación na metodoloxía de investigación desta disciplina.

Froito deste interese son proxectos como o do Miradoiro de Neoloxía que se está creando no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, de onde se tiraron os datos que figuran neste traballo.

É neste contexto que acabamos de presentar onde nós nos interesamos pola investigación da neoloxía. Neste traballo constataremos a aparición de unidades neolóxicas na prensa. Os textos de prensa convértense en verdadeiros difusores de novas palabras pertencentes tanto á lingua xeral coma ás linguas de especialidade a través de fenómenos de vulgarización e banalización. É aquí onde se pode constatar a verdadeira vitalidade da lingua e polo tanto, a análise da

neoloxía nestes textos revélase como fundamental para a descripción dos fenómenos de innovación léxica.

2. A neoloxía: principios teóricos e metodolóxicos

Neoloxismos: criterios de identificación

Pero antes de continuar, cómpre fixar algúns conceptos básicos que imos manexar neste traballo. Cando falamos de neoloxía hai que ter en conta as precisións que fai Cabré (1993:444) seguindo as propostas de Boulanger á hora de definiren o termo neoloxía. Como indica a autora catalana, a neoloxía é unha disciplina complexa que abrangue o estudio dos procesos de creación de novas palabras, dos procesos de difusión, dos aspectos culturais e sociais da neoloxía, da actividade institucional de planificación da lingua e da relación da neoloxía coa lexicografía.

Cando falamos de neoloxismo estamos perante un concepto de difícil e controvertida delimitación. Podemos partir dunha definición xeral coma a de Auger e Rousseau que describe con bastante precisión o concepto: "O neoloxismo pódese definir como unha unidade léxica de formación recente, unha acepción nova dun termo xa existente ou un termo prestado tamén recentemente dun sistema lingüístico estranxeiro" (Auger & Rousseau, 1987:46). Pero se temos en conta a outros autores como A. Rey (1976), o neoloxismo "debe ser visto como unha novidade léxica funcional, pragmática e o concepto depende do xuízo colectivo"³, veremos que existen factores mesmo extralingüísticos que dificultan a caracterización dun termo como neolóxico. Tamén Teresa Cabré (1993:445) afirma que non é tarefa fácil realizar esta caracterización se non se fixan unha serie de puntos de referencia que ela mesma cualifica de arbitrarios (a diacronía, a lexicografía, a inestabilidade sistemática e a psicoloxía) porque é comprensible que moitas veces é difícil datar con exactitude a aparición dunha nova unidade léxica (se non existen, como é o caso do galego, corpus textuais sistemáticos), que os diccionarios, como afirma Teresa Lino, malia seren considerados como puntos de referencia esenciais para a identificación de neoloxismos, están pouco actualizados⁴ e non recollen nas súas nomenclaturas termos científicos e técnicos (Lino, 1990), e que a consideración dunha unidade como nova (criterio psicolóxico) depende de factores externos difficilmente cuantificables.

Perante unha situación como a definida, poderíase pensar que a identificación clara dos neoloxismos é case imposible. Sen embargo a definición de Auger e Rousseau pódenos valer para dar conta da tipoloxía de tódalas unidades que rexistramos nun corpus baseado nos textos de prensa.

Outra cuestión metodolóxica importante é a definición do criterio que nos vai permitir atribuírille a marca de neoloxismo a unha determinada unidade. Tradicionalmente o criterio manexado é o da exclusión lexicográfica, é dicir,

unha unidade é neoloxismo cando non aparece rexistrada nun conxunto de diccionarios representativos da tradición lexicográfica dunha determinada lingua.

Pero este criterio, malia se-lo utilizado maioritariamente no levantamento de neoloxismos, presenta certas dificultades, xa que deixa-la "responsabilidade" da atribución da marca de neoloxismo ó criterio lexicográfico implica subordinar la catalogación destas unidades ás peculiares características que pode presentar unha determinada tradición lexicográfica. No caso da galega estas características poden ser resumidas en tres principais: 1) os diccionarios galegos teñen unha extensión reducida (normalmente de 30 a 40 mil entradas) o que fai que moito léxico de uso común quede excluído; 2) hai unha tendencia clara ó purismo, quizais necesario para o establecemento dunha variedade estándar nun proceso de codificación como o que vivimos, pero que tamén exclúe moitas palabras que poderían aparecer neles mesmo que fose cunha marca de neoloxismo⁵; 3) toda obra lexicográfica, de calquera lingua, tarda moito tempo en rexistra-las novas palabras que nacen por necesidades denominativas e, xa que logo, a lingua vai moi por diante dos diccionarios.

Para evitar errores na identificación de neoloxismos cumpliría adoptar outros métodos que, polo momento, non están ó dispoñer de tódolos investigadores: o primeiro sería a utilización dos bancos de datos, como apunta Teresa Lino (1990: 188), porque rexistran rapidamente a actividade denominativa da ciencia e da técnica e permiten facer listados acumulativos; o segundo sería o emprego dun corpus textual o suficientemente significativo como para poder confirmar con seguridade a non aparición dunha unidade que polas razóns antes apuntadas non figura previamente nas obras lexicográficas. Se este procedemento fose verdadeiramente factible, sería conveniente empezarmos a falar dunha nova categoría de neoloxismos: os neoloxismos textuais. No caso de aparece-la unidade no *corpus* textual, estariamos ante un neoloxismo puramente lexicográfico, de podermos constatar que a unidade non figura no dito *corpus*, poderíamos, ademais, considerar este neoloxismo como textual. Cando unha unidade se puidese catalogar como textual e lexicográfica asemade, estariamos realmente perante un verdadeiro neoloxismo.

A categoría de neoloxismo lexicográfico vese limitada na súa capacidade para unha verdadeira identificación de novas unidades léxicas, pero hai que recoñecer que, dende un punto de vista metodolóxico, é a más práctica (Boulanger, 1984:14). Polo tanto, mentres non sexa posible a constitución dun corpus textual, tódolos exemplos que se recollan nunha investigación sobre neoloxía, serán catalogados como neoloxismos lexicográficos.

Segundo este criterio, formaron parte do *corpus* de exclusión os seguintes diccionarios e repertorios:

Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega. Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega. Versión provisional. 1989

- Boullón, A. et alii. *Diccionario Normativo Galego-Castelán*, Vigo: Galaxia, 1988
- Ares, C. et alii. *Diccionario Xerais da Lingua*, 4^a ed., Vigo: Xerais, 1993
- Alonso Estravís, I.: *Diccionario da Lingua Galega*, Santiago: Sotelo Blanco, 1995.
- García, C. e González, M. (dir.) *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo: Xerais, Galaxia, 1997

Para darlle a marca de neoloxismo a unha unidade referida ó corpus que acabamos de citar, esta non debía aparecer nin como entrada nin como subentrada en ningún dos diccionarios.

3. O *corpus* de traballo

O corpus que presentamos está tirado de dúas fontes exclusivamente: o xornal *O Correo Galego* (OCG) e o semanario *A Nosa Terra*⁶ (ANT). Estas publicacións difiren substancialmente no que atinxe á súa orientación ideolóxica e tamén lingüística.

Os exemplos pertencen a unha base de datos, xermolo do Miradoiro de Neoloxía, que se está a elaborar no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, onde aparecen baleiradas outras publicacións á parte das mencionadas.

Debido á extensión, loxicamente reducida, deste traballo presentamos únicamente os datos que nos pareceron máis significativos para enxergar as tendencias que aparecen na prensa galega no que atinxe á creación e difusión de neoloxismos. Tamén presentaremos, na medida do posible, algúns estudos de frecuencia da aparición de determinados formantes e, ademais, dos procedementos de formación máis rendibles.

4. Criterios de clasificación

Os criterios que empregamos para clasificar as unidades ás que lles atribuímos la marca de neoloxismo son os establecidos por Cabré (1993:446-448) por daren conta de tódalas características destas unidades e derivaren directamente de clasificacións amplamente aceptadas para outras linguas, especialmente o francés (Guilbert, 1971) e o catalán. Así, consideraremos en principio, que existen:

1. Neoloxismos formais: os creados por procedementos de derivación, composición, sintagmación e abreviación.
2. Neoloxismos semánticos: os creados por variacións do contido semántico dunha determinada unidade preexistente na lingua.
3. Neoloxismos de préstamo: as unidades recollidas, ben directamente, ben con algúns tipo de adaptación, de linguas estranxeiras⁷.

Nós non imos manexar outras clasificacións que poden dar conta da motivación da aparición dos neoloxismos. Como tal, non imos distinguir entre neoloxismos referenciais e expresivos (Cabré, 1993:444) para xebrar aqueles neoloxismos que se consideran necesarios para encher baleiros denominativos daqueloutros que xorden por necesidades puramente expresivas, porque, como di Deroy (1971: 9-10) no nivel da lingua xeral e da vulgarización de linguas de especialidade non é posible distinguir entre a necesidade ou non necesidade dunha determinada unidade léxica. Precisamente é no tipo de lingua que analizamos onde aparecen motivos difficilmente analizables como son o estilo, o humor, o sentimento, etc., que non se poden catalogar como necesarios ou non.

Pasamos analizar agora os neoloxismos que se poden adscribir á neoloxía formal, falaremos primeiro da derivación, dos procedementos derivativos por sufixación e por prefixación, para continuar cos procedementos de composición non culta e culta. Finalmente referíremos ós neoloxismos semánticos e de préstamo.

4.1. Neoloxismos formais

4.1.1. Derivación

A derivación é o procedemento máis rendible para a creación de neoloxismos; no corpus que manexamos as unidades creadas mediante os distintos procedementos derivacionais constitúen un 42'4% do total. Como feito más salientable hai que comentar a vitalidade do sistema de prefixos e sufixos grecolatinos. Asemade, nótase, especialmente na prefixación, que aparecen novos formantes.

4.1.1.1. Por sufixación

Na derivación por sufixación comentaremos aquelas unidades creadas mediante a adxunción dun sufixo a un radical, non rexistradas no corpus lexicográfico, pero excluiremos outras resultantes de determinados procedementos derivativos moi previsibles coma os aumentativos, superlativos e adverbios en *-mente*⁸.

4.1.1.1.1. A creación de substantivos e adxectivos

Un dos sufixos máis rendibles na creación de adxectivos é *-ista* (representa un 20'3% do total dos sufixados), de orixe latina, que tradicionalmente se une a bases nominais cunha serie de nocións básicas como "seguidor de comportamentos, doutrinas ou sistemas políticos" (como por exemplo: *aberturista*, *anguillista*, *barcelonista*, *compostelanista*, *pacovazquista*,) e "profesión ou oficio" (p.ex. *documentalista*). Hai que comentar que, nestas creacións neolóxicas, o sufixo se engade non só a bases nominais senón tamén a topónimos ou antropónimos con matices claramente expresivos e ás veces case

pexorativos (véxase o citado *pacovazquista*). Tamén existen exemplos en que o sufíxo aparece unido a siglacións, sobre todo na linguaxe política como é *peneuvista*. Tamén se rexistra algúns casos esporádicos en que a base non é preexistente na lingua, por exemplo, **illación* > *illacionista*. Como vemos as formacións neolóxicas con este sufíxo axéitanse ás regras tradicionais da derivación base substantiva + sufíxo, agás nunha ocurrencia en que se albisca unha posible base adxectiva *biolóxico* á que se adxunta o sufíxo para crear un adxectivo *bioloxicista*, e que constitúe unha extensión da regra derivacional.

Outro sufíxo que presenta un comportamento moi semellante a *-ista* e cunha rendibilidade máis elevada (xa que representa o 25'9% do total dos sufixados) é o sufíxo *-ismo*, que se emprega para denominar "doutrinas filosóficas, relixiosas ou políticas" (*frentismo*); "movementos literarios"; "ciencias" e "deportes" (*corredoirismo*). O máis salientable deste sufíxo non son as novas propiedades semánticas que pode adquirir senón a ampliación das bases ás que se engade. Se tradicionalmente se unía a bases substantivas vemos como na actualidade o sufíxo se adxunta a adxectivos (*bipedismo*, *decorativismo*, *malditismo*), nomes propios (*jamesbondismo*, *reaganismo*), xentilicios (*coruñesismo*) e topónimos (*madridismo*). Tamén se engade, como se pode ver nos exemplos do *corpus*, a préstamos de luxo como en *carroñerismo*. A ampliación da regra morfolóxica causa no receptor do texto unha percepción evidente do carácter neolóxico. Exemplos como *jamesbondismo* ou *malditismo* parecen utilizar este carácter para a transmisión de contidos eminentemente expresivos.

O seguinte sufíxo máis rendible é *-ción* (co 20'3% do total dos sufixados), que forma substantivos sobre bases verbais co significado de acción (*subsidiación*). Na lingua actual mantéñese a función de crear substantivos, pero cunha peculiaridade especialmente relevante como é o feito de non existiren as bases verbais sobre as que se forman moitos dos neoloxismos recollidos. Esto implica que se crean bases verbais teóricas sobre palabras de distintas categorías, como por exemplo adxectivos (*catalán* < **catalanizar* < *catalanización*, *gipuzkoano* < **gipuzkoanizar* < *gipuzkoanización*, *marroqui* < **marroquinizar* < *marroquinización*, *mundial* < **mundializar* < *mundialización*, *precario* < **precarizar* < *precarización*), substantivos (*problema* < **problematizar* < *problematización*) e incluso préstamos (*compost* < **compostizar* < *compostización*) e siglacións (*loapa* < **loopalizar* < *loopalización*)⁹.

O sufíxo *-idade* que forma substantivos sobre bases verbais e nominais ten unha rendibilidade especial xa que crea substantivos abstractos sobre bases preexistentes (*atípicidade*, *manobrabilidade*, *marxinalidade*). Os neoloxismos rexistrados, como se pode ver nos exemplos, fórmanse maioritariamente sobre bases adxectivas. Rexistramos un exemplo no que a derivación parte dun

substantivo contravindo as regras que rexen o funcionamento deste sufijo (*rostroeidade*).

4.1.1.1.2. A creación de verbos

No que atinxo á creación de verbos temos que dicir que o sufijo máis rendible é *-izar*. Este sufijo forma verbos partindo tradicionalmente de adjectivos (*internalizar*, *satelizar*, este último sobre unha base truncada) ou en menor grao de substantivos, con sentido factitivo (Ferreiro, 1997:200). Rexistramos tamén unha formación sobre un topónimo (*hiroshimizar*) que rompe coas regras tradicionais, pero que dadas as fortes connotacións histórico-culturais das que está cargado, resulta comprensible para o lector.

O sufijo *-ar* crea verbos sobre bases nominais (substantivos ou adjectivos), como por exemplo: *ficcionar* ou *publicitar*. Estes son dous exemplos nos que se mantén a regra morfolóxica pero ó mesmo tempo o impacto neolóxico que provocan é grande. A rendibilidade do sufijo *-ar* está constatada polo feito de que pode formar verbos sobre préstamos pertencentes a dominios especializados (*dropar* do golf, *samplear* da música).

4.1.1.2. Por prefixación

Pasamos a comentar agora o procedemento da derivación por prefixación, que é o máis rendible na creación neolólica xa que conforma un 29'7% do corpus que manexamos. Quizais esta importancia na creación léxica se deba ó feito de que os prefixos, ó procederen de palabras que tiveran autonomía na lingua, son unidades máis independentes cós sufíxos e polo tanto poden entrar en combinacións máis amplas ca estes. Unida á rendibilidade na lingua moderna dos prefixos tradicionais de orixe grega e latina, preséntase a circunstancia de apareceren novas formas prefixadas que proceden de formas abreviadas de palabras de uso moi común. A consideración das formas prefixadas dentro da prefixación ou dentro da composición revélase como un problema teórico sobre o cal existen diversidade de opinións. En realidade con determinados formantes non é fácil distingui-lo procedemento de derivación por prefixación do de composición (García Cancela, 1994:172 e Ferreiro, 1997:111, 235) porque as formas prefixadas que empezan a comportarse como prefixos son parte do primeiro elemento de moitas composicións cultas. Esta circunstancia levou a algúns autores á creación de novas categorías como a de neoprefixo (Ferreiro, 1997:111), quizais non moi definida polo momento, que parece responder a un criterio de frecuencia de uso, é dicir, cando o primeiro elemento dun composto se fai o suficientemente rendible pasa a ter un comportamento idéntico ó dos prefixos tradicionais. Cabré, Freixa e Solé (1997,76), verbo deste problema, falan do que elas denominan "principio de simulación" que nos permite entender que unha unidade que normalmente non se comporta como prefixo pode simular un

comportamento prefixal cando dentro de determinado contexto presenta un alto índice de ocorrencias. Nesta situación prodúcese a aparición do que elas denominan pseudoprefixo. Polo tanto, para podermos catalogar unha forma prefixada coma tal, haberá que facer un seguimento estatístico das súas ocorrencias ó longo dun período de tempo significativo e tendo en conta os contextos nos que aparece. Nós consideramos para esta clasificación que presentamos que as formas prefixadas deben ser catalogadas polo momento como primeiros elementos dunha composición culta. Cando falamos de prefixos referímonos ós tradicionais e a outros como *macro-*, *mini-*, *pseudo-*, etc. que demostraron claramente a súa rendibilidade prefixal.

Falaremos primeiro dos prefixos tradicionais, entre os que destaca en primeiro lugar o prefixo *anti-* (conforma un 12'21% dos prefixos), coa noción clásica de oposición. Engádese a substantivos (*anticorrupción*, *antiberoe*) e adjectivos (*antiautonomista*), e mesmo a nomes propios (*antifranco*) cargados dalgún tipo de connotación histórica ou cultural. Este prefixo como é normal na derivación por prefixación, úñese ás bases sen que haxa unha transcategorización. Non obstante, é relativamente frecuente, inda que nós non rexistramos outros exemplos, que certos substantivos pasen a comportarse como adjectivos cando se lle engade o prefixo *anti-* (fiscais *anticorrupción*). Este fenómeno está documentado en varias linguas (Li Ching, 1964-1973:127) e constitúe unha excepción ás regras amplamente respectadas da derivación prefixal.

O seguinte prefixo en número de ocorrencias é *des-* (cun 7'6% dos prefixados), que achega unha noción xeralmente negativa e que vén sendo moi rendible en tódalas épocas. Engádese a bases substantivas (*desinformación*), adjetivas (*descontextualizado*) e verbais (*desfundirse*, *desindustrializar*).

O prefixo *multi-*, un cuantificador latino, engádese a bases adjetivas no corpus que nós manexamos (*multicultural*, *multiétnico*), sen embargo existe unha tendencia comprobable a que se une a substantivos provocando unha transcategorización (cf. *multitarefa*, *multiplicación*).

O prefixo *inter-*, que engade a noción de "entre, no medio de ou relativo a varias cuestións" úñese a bases substantivas (*interconexión*).

O prefixo latino *super-* aparece unido a bases e substantivas (*superespectáculo*). O máis salientable do uso deste prefixo é a súa rendibilidade na lingua xeral cun contido claramente expresivo para substituír outros procedementos sintácticos intensificadores.

Existen outros prefixos que teñen orixe nas linguas clásicas pero que non tiveron rendibilidade como tales ata unha época serodia. Por esta razón, moitos autores non os inclúen entre os prefixos tradicionais grecolatinos, e dánlle-la denominación de neoprefixos (Ferreiro, 1997:111).

O prefixo *auto-* (cun 9'16% dos prefixados) forma numerosas palabras derivadas co contido semántico de "feito por si mesmo" e úñese maioritariamente a bases substantivas (*autotraducción*, *autonoxo*) inda que en casos esporádicos se estende a bases verbais (*autodenominarse*).

O prefixo *neo-* aparece co significado de "novo" e úñese a bases substantivas (*neopuritanismo*), as más das veces a palabras que denominan movementos políticos, filosóficos ou relixiosos.

O prefixo *macro-* coa idea de "grande" aparece primeiro na linguaxe científico-técnica e logo esténdese á lingua xeral. Engádese normalmente a bases substantivas (*macroinvestigación*).

Rexistramos tamén a derivación prefixal co adverbio *non* (*non perecedeiro*). As formacións nas que participa este adverbio na creación de adjetivos e substantivos son cada vez máis numerosas, o que permite definir con bastante claridade o comportamento prefixal deste adverbio (Ferreira:1992).

4.1.1.3. Por derivación parasintética

O procedemento da parasíntese é un procedemento relativamente rendible e engade á base os contidos semánticos propios dos prefixos e sufíxos que entran na formación da nova palabra (*bidimensionalidade*, *bioeticista*).

4.1.2 Composición

A composición, xunto coa derivación é un dos procedementos máis empregados para acrecenta-lo léxico dunha determinada lingua. No *corpus* que manexamos conforman un 15'87% do total. Neste traballo imos distinguir aquelas palabras que están formadas por composición non culta (união de termos simples autónomos da lingua que manteñen distinto grao de autonomía: véxase *deportivo-cultural* vs. *vermellobranco*) daqueloutras que se forman por composición culta (palabras nas que un dos elementos é unha forma prefixada ou sufixada grega, latina ou galega).

4.1.2.1. Por composición non culta

A composición non culta fornécenos unha serie de palabras que responden a distintos tipos compositivos como poden ser: 1) a unión de adx + adx (*tardogótico*), 2) a unión de subs + adx (*centrocampista*), 3) a unión de subs + subs (*purplemania*), e 4) a unión de vb +subs (*gardabomes*).

Este procedemento chega a ser tan rendible que ás veces un dos elementos do composto pode ser un estranjeirismo, ou mesmo un nome propio. Véxase o caso de *purplemania*.

4.1.2.2 Por composición culta

O que nós consideramos como composición culta, é dicir, a presencia de formas prefixadas e sufixadas unidas a un tema normalmente galego, inda que tamén pode ser de base grecolatina, é un procedemento que se revela actualmente como un dos máis rendibles para crear neocompostos. As formas prefixadas son o resultado da truncación de unidades pertencentes tanto ó fondo grecolatino como ó fondo patrimonial da lingua na que se produce a creación léxica. Estamos perante unidades léxicas que pertencendo en principio a dominios especializados ou semiespecializados pasan á lingua xeral a través dos medios de comunicación, e que pola súa difusión provocan unha extensión dos modelos de composición (Guilbert, 1971: 47-48).

Dos exemplos que recollemos destacan tres formas prefixadas: *eco-* < ecología (*ecobiblioteca*, *ecoconseilleiro*, *ecoetiqueta*); *euro-* < Europa, creado por necesidades denominativas e expresivas relacionadas coa UE no ámbito da economía e da política (*eurocámara*, *eurocampión*, *eurocéptico*, *eurodeputado*) e *bio-* < biología ou biológico (*biocontaminante*, *biogás*, *bioética*).

Tamén son dignas de mención dúas formas prefixadas como *inter-* < Internet (*internauta*) e *ciber-* < cibernetica (*ciberbús*), dada a ampla difusión e vulgarización do dominio do que parten (informática e robótica).

Entre as unidades creadas mediante a adición de formas sufixadas, paga a pena salientar tres sufíxos: *-dromo*, *-grafo* e *logo* (*manifestódromo*, *lusógrafo* e *benególogo*).

4.1.3. Por sintagmación

Outro procedemento de creación de neoloxismos é a sintagmación. Consideramos que un neoloxismo é sintagmático cando está formado por unha estructura sintáctica lexicalizada. No noso *corpus* non é un procedemento de creación demasiado rendible xa que normalmente este tipo de formacións se dan nas linguas de especialidade. Non obstante sempre se poden atopar casos illados de vulgarización de termos como *tanque de frío* ou outros como *droga de deseño*.

4.1.4. Por abreviación

O último grupo de neoloxismos formais que comentamos é o dos creados polo procedemento de abreviación que se caracteriza por ser un truncamento dunha palabra. No caso de *narco*, considerámolo unha truncación da palabra narcotraficante, que se creou por composición coa forma prefixal *narco*, orixinaria da palabra narcótico.

4.2. Neoloxismo semántico

Tras falar dos procedementos de creación formal, entramos nun novo apartado que é o referido á neoloxía semántica. Falamos de neoloxismo semántico cando detectamos unha nova acepción nunha palabra preexistente na lingua. A modificación do significado pode actuar en varios sentidos: por reducción ou por ampliación do contido semántico da base inicial. No corpus que nós manexamos, o fenómeno da ampliación é o único rexistrado. Podemos apuntar que se trata de neoloxismos difíciles de detectar porque as variacións de significado poden ser entendidas como simples usos metafóricos. Un método válido para distinguir unha nova acepción semántica dun simple uso metafórico é a frecuencia de aparición dese novo significado; se este se repite moito, estamos posiblemente perante a consolidación dunha nova acepción.

A seguir comentamos algúns exemplos moi estendidos xa na fala común:

- *bravú*, este substantivo significa "cheiro característico do animal do monte ou do macho sen castrar e sabor da súa carne". Nós rexistrámolo xa como adjetivo en sintagmas como "rock *bravú*", "movemento *bravú*", etc. co significado de "proveniente do rural" e referido a un movemento musical de grande importancia nos últimos anos en Galicia.

- *cumio*, este substantivo significa "parte máis alta dunha montaña, do tellado, trabe superior que sustenta o tellado, etc.", agora aparece cunha nova acepción, "reunión de alto nivel", calcada do inglés *summit*.

- *stareiro*, substantivo que significa "cliente fixo dun bar ou taberna" e pasa a adopta-la acepción de "seguidor leal dun grupo, equipo, etc."

4.3. Préstamos

Pasamos agora a comenta-los neoloxismos de préstamo. Dentro do conxunto dos neoloxismos, o grupo do préstamo ten para os falantes unha percepción neolóxica alta xa que son difíciles de descifrar tanto semántica como morfoloxicamente. (Cabré, Freixa, Solé, 1997). Os procesos de adaptación ou substitución que tarde ou cedo se producen na lingua receptora son indicio desta percepción neolóxica.

No que atinxe ós préstamos, o primeiro dato que podemos achegar é que teñen unha importancia significativa no conxunto do corpus que manexamos (19'72% do total). Como era de esperar, a lingua con máis préstamos no galego, e este é un dato que se pode comprobar tamén noutras linguas, é o inglés, seguido do portugués e do italiano. Aparecen, inda que realmente non son demasiado significativas, outras linguas como o árabe, o euscaro, o francés, o grego e o xaponés.

A chegada masiva de préstamos do inglés responde a que esta lingua cobre moitos dominios especializados ou semiespecializados (científico-tecnolóxico: *mini-disc*, *megabyte*, *driver*; musical: *single*, *techno*, *grunge*, *heavy*; economía:

dumping, holding; comunicacóns: share, prime-time; deportes: play-off, green, dribbling, etc.) que teñen unha importancia sobranceira na linguaxe periodística. A presencia do que podemos denominar internacionalismos nótase canto máis especializado é o dominio, e esa especialización moitas veces leva a que non existan propostas claras na lingua receptora: (véxase p.ex. *birdie* ou *green*, pertencentes a un deporte pouco popularizado como é o golf). A presencia do portugués, que funciona e funcionou como un verdadeiro modelo para a actualización denominativa dos baleiros existentes na lingua galega, non responde nos casos rexistrados a necesidades denominativas ou expresivas; os exemplos que aquí atopamos como *alfandegaría, beco, equipa, inquérito, parlamentar* semellan responder a unha interpretación determinada do que debe se-la lingua galega, ou a unha fuxida consciente ou inconsciente do que se considera castelanismo. O italiano achega préstamos basicamente referidos ó dominio do deporte (*calcio*), do espectáculo (*atrezzo*), etc. Non imos trata-lo problema dos préstamos do castelán¹⁰ malia ser esta a lingua que achegou máis unidades léxicas ó galego. Entendemos que a motivación de moitos dos préstamos do castelán que se poden rexistrar nunha investigación coma a nosa baséase no descoñecemento das solucións autóctonas. Estamos, polo tanto, diante de verdadeiras interferencias na norma léxica galega (Ferreiro, 1997:325).

É interesante observa-los procesos de adaptación dos préstamos ó galego. Cando un préstamo se adapta fonética e ortograficamente a unha lingua, isto constitúe unha marca que nos indica que o préstamo leva presente nela o tempo suficiente como para poder adaptarse ós modelos desta. Con respecto á adaptación fonética e/ou ortográfica, podemos dicir que nos exemplos que rexistramos aparecen ben adecuacóns fonéticas que permiten unha pronuncia axeitada (p. ex. do inglés: *escáner, esprint, estand*), ben adecuacóns ortográficas que seguen basicamente as regras que se utilizan para os préstamos aceptados no léxico normativo (*doping* adáptase como *dóping* no VOLG, e seguindo o mesmo modelo véxase: *calité, debú, márketing, récord*, etc.). Tamén vemos que hai intentos de adaptacóns directas da fonética inglesa á galega (*pat* polo inglés *putt*) ainda que non todas son solucións axeitadas ó modelo galego (véxase *jonqui*).

Nos casos onde se ve claramente que os préstamos amosan unha capacidade rendible de formación de familias léxicas podemos dicir que o proceso de derivación que experimenta a base é o indicador máis claro da aceptación do préstamo (véxase *compostización, blueseiro, rapeiro, abertzalismo, lobbista*).

As paráfrases explicativas, que non son moi abundantes, poden ser indicadores da novedade do préstamo, así como da consciencia que ten o redactor da dificultade que pode presentar ó lector a comprensión de linguas pouco difundidas nun ámbito cultural determinado (véxase o caso *oued*, trampa de area, do árabe).

A motivación dos préstamos responde a unha serie de factores diversos. En principio aparece claramente a necesidade de encher un baleiro denominativo, feito constatable en dominios especializados (véxase por exemplo *diskette*, *dumping*). Estes préstamos poden ser normalizados ou substituídos por propostas autóctonas. Sen embargo, nótase que mesmo despois da difusión dunha proposta de adaptación se manteñen certos préstamos por razóns expresivas, pola aceptación que xa acadou o préstamo, ou mesmo por descoñecemento das solucións propias da lingua (véxase por exemplo *tensión* fronte a *estrés*, *auxe* fronte a *boom*). Hai que salienta-lo feito de que na linguaxe periodística o préstamo é utilizado moitas veces cunha función expresiva (véxanse os exemplos de *baby-boom*, *conselleiro container*, *light*).

5. Calco

Por último referirémonos brevemente ós calcos que son traduccións literais dunha palabra doutra lingua (*mercado gris* >*grey market*, delictos de *colo branco* > *white collar*). Este procedemento de creación non se amosa moi rendible no noso *corpus* (8'39% do total), tal vez debido á pouca transparencia que ofrecen para o receptor que, as máis das veces, descoñece a lingua de partida da traducción.

6. Conclusíons

Para rematar, podemos dar unha visión de conxunto dos datos que posuímos sobre a neoloxía na prensa. O procedemento de creación más rendible é a derivación e isto pode comprobarse tamén noutras linguas como o catalán (Cabré, Freixa, Solé, 1997: 67) e o portugués. A presencia dos préstamos, cun 19'72% do total, é importante. Esta porcentaxe aproxímase á detectada por outros investigadores centrados no estudo da neoloxía noutras linguas, como o caso do catalán (Cabré, Freixa, Solé, 1997: 67) onde se rexistra un 20% para o procedemento do préstamo. Se afondamos máis na análise estatística, poderemos observar cómo os préstamos sen adaptar son maioritarios cun 73'6% do total, fronte ó 26'4% constituído polos adaptados. A razón desta primacía das formas sen adaptar pode deberse ás características propias dos textos de prensa (son textos redactados cunha gran premura de tempo, e sobre os cales non se realiza unha revisión exhaustiva).

Outra das conclusíons que se poden tirar trala análise do *corpus* e dos distintos procesos de creación, é o feito de que os usuarios da lingua, ó crearen neoloxismos, non só están enriquecendo o corpo léxico desta, senón que tamén contribúen a anova-los procedementos de creación (véxase o problema dos pseudoprefixos, a ampliación dos modelos tradicionais de composición, etc.).

Algúns exemplos que rexistramos, cuestionan os conceptos tradicionais aplicados á definición dos procesos de derivación e composición, o que nos leva

a pensar que é necesaria a consideración dos exemplos que se poden tirar da análise da neoloxía espontánea para a redefinición destes conceptos tradicionais. O labor dos observatorios de neoloxía, neste sentido, revélase como fundamental.

Neste traballo nunca pretendemos dar unha opinión sobre a aceptabilidade lingüística dos neoloxismos. A normalización destes compételles ás institucións que teñen autoridade para a planificación do léxico. Serán estas as que terán que da-la última palabra sobre a validez dos neoloxismos que aparecen nos textos de prensa: se son xustificables, se atentan contra o sistema morfolóxico ou sintáctico da lingua, se pode haber unha palabra do fondo patrimonial que poida substituí-la creación rexistrada, etc.

Para finalizar, dende aquí, gustarianos insistir na necesidade da creación de organismos que se dediquen á recollida sistemática de neoloxismos para poder crear un corpus consistente que nos permita reflexionar sobre a creación neolólica.

7. Listado de exemplos

1. Derivados

1.1 Por sufixación

-ISTA

aberturista, *adx Os informes queren ser exhaustivos dos diferentes aspectos da institución eclesial e das liñas pastorais más aberturistas.* ANT 02-97, 24

anguitista, *sf Os anguitistas cataláns convocan un congreso para resucita-la heranza do PSUC.* OCG 18-1-98, 17

barcelonista, *adx ... e do segundo técnico barcelonista,* Carlos Pexach. OCG 11-1-94, 28

bioloxicista, *adx ... o psiquiatra partía dun modelo bioloxicista da enfermidade.* OCG 14-1-98, 6 (lecer).

compostelanista, *adx ... a afección compostelanista que espera que o seu equipo pecha-la*

primeira volta... OCG 13-1-98, 28

documentalista, *sf Durante dez anos traballo como documentalista* OCG 15-03-96, 43

illacionista, *adx ... reviviu vellas tendencias proteccionistas e illacionistas* OCG 15-03-96, 35

pacovazquista, *adx ... incapaz de ollar a realidade bebendo ventos de grandeza que só existen na épica local e na filipica Pacovazquista.* OCG 29-06-95, 3

peneuvista, *adx En catro horas, Aznar e Oreja só puideron limar asperezas cos peneuvistas.* OCG 18-1-98, 16

-ISMO

bipedismo, *sm O problema non é facer unha carreira de antigüidade, a ver quen saca o fósil máis antigo, senón*

coñecer cando aparecen características como o *bipedismo* (andar erguidos en vez de sobre as catro extremidades). OCG 14-11-97, 47

carroñerismo, sm Desde o BNG, pola súa banda, considérase que "ante unha catástrofe de tal magnitud non se pode facer *carroñerismo*, é preciso analisar detidamente as causas... ANT 09-98, 4.

corredoirismo, sm A saída, adicada ao *corredoirismo* e a educación ambiental... ANT 07-94, 26

coruñesismo, sm O Portiño-Bens é a cara oculta do *coruñesismo* de Francisco Vázquez que coa enxurrada de lixo quedou á vista de todos os que queiran contemplala. ANT 09-97, 4.

decorativismo, sm Estes elementos (...) dan como resultado un haz de pazas mesmo que abeirando ó *decorativismo*. ANT 12-95, 26

frentismo, sm ¿Hoxe gañou o *frentismo*? ANT 07-94, 8

jamesbondismo, sm Os aneis que lles pon Tony Blair ós seus ministros son o derradeiro chanzo do "jamesbondismo" que sostén os restos do imperio. OCG 19-1-98, 4

madridismo, sm A Quinta, expoñente do *madridismo*, non cre que Butrageño remate a súa carreira... OCG 11-11-94, 28

malditismo, sm ... esa lenda do *malditismo* feminino tan

entroncada no folklore americano... OCG 11-11-94, 35 reaganismo, sm ... o reaganismo logrou un novo éxito político. OCG 11-11-94, 18

-CIÓN

catalanización, sf O director de política lingüística aborda a cuestión e fala tamén de medidas de *catalanización* na exhibición cinematográfica ANT 03-97, 16

compostización, sf ... uniformidade das resinas plásticas, *compostización* do lixo orgánico e penalización da cultura de usar e tirar inxustificadamente. OCG 13-11-94, 9.

gipuzkoanización, sf, ... nótase a progresiva *gipuzkoanización* de HB. ANT 07-94, 12.

loapalización, sf De igual maneira chegaron ao acordo de impulsar unha nova *loapalización*... ANT 07-97, 15

marroquinización, sf O acordo en si significa a *marroquinización* da frota. ANT 12-95, 2

mundialización, sf Pero a ideoloxía da incurre nouros mitos. ANT 01-97, 3

precarización, sf Acusado de desordes públicos por ter participado nunha concentración o día da folga xeral do 27 de xaneiro de 1994 contra a *precarización* do emprego. ANT 02-97, 5

ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

problematización, sf Pero as humillacións dos estranxeiros (...) tamén influíron nesa *problematización*. OCG 13-11-94, (Lecer 10)

subsidiación, sf Condenou a *subsidiación* de prestacións laborais sen contrapartida. OCG 09-11-94, 6.

-IDADE

atipicidade, sf A *atipicidade* dos terremotos galegos dera pé aos investigadores xaponeses para considerar que non tiña orixe no movemento de placas. ANT 08-97, 4

manobrabilidade, sf Ainda que Alligator xa ten agora un merecido prestixio que lle posibilita maior opción de *manobrabilidade* para o público poder acceder aos seus produtos ANT 01-97, 24

marxinalidade, sf Conteñen, ... , elementos de *marxinalidade* e criminoloxía que se relacionan co chamado xénero negro. ANT 01-97, 28

rostroeidade, sf Non atender á súa rostroeidade... OCG 14-1-98, IV (lecer)

-IZAR

hiroshimizar, vt Que son os tres dogmas polos que os reis do mambó neoliberal *hiroshimizan* o mundo se é preciso. ANT 09-97, 18

internalizar, vt Segundo Gondar o pobo vai *internalizando* o

discurso do poder e tende a integralo. ANT 07-94, 4.

satelizar, vt Dá a impresión de que o Bloque pode *satelizar* ó PSOE. ANT 07-94, 8.

-AR

dropar vi Enviou a bola á auga (...) e *dropou* OCG 17-03-96, 48

ficcionar, vt Fai agora medio século da estrea de Roma, cittá aperta. Carlo Lizzani *ficciona* en celuloide o que debeu de se-la accidentada rodaxe do capital filme de Rossellini. OCG 14-11-97, 45

publicitar, vt A decisión, ... , non afectará a todas as comunidades autónomas do mesmo xeito, tal e como están a *publicitar* os responsábeis políticos. ANT 09-96, 13

samplear, vt Xa se poden *samplear* ... sons dixitais ... OCG 14-03-96, VIII SUP

Lista de sufíxos e as súas ocorrencias:

(20)-ista, (12)-ismo, (10)-ción, (6)-idade, (5)-co/ico, -izar, (4)-ar, -al, -eiro, (2)-ante, (1)-ado, -ano, -axe, -ento, -ícola, -il, -mento, -o, -oide, -orio.

1.2. a) Por prefixación tradicional

ANTI-

antiautonomista, adv ... senón que son os máis *antiautonomistas* e máis anticataláns ... facedores das más agresivas

ASPECTOS LINGÜÍSTICOS DA NEOLOXÍA NA LINGUA GALEGA

- campañas anticatalanas. ANT 11-96, 21
- anticorrupción**, *adx* Facenda asesorará os fiscais *anticorrupción* OCG 11-11-94, 1
- anticorrupción**, *adx* Facenda asesorará os fiscais *anticorrupción* OCG; 11-11-94, 1
- antifranco**, *adx* Reivindicaron en Madrid a cultura *antifranco* desenvolvida durante o Franquismo desde a oposición ó réxime. ANT 11-97, 43.
- antiheroe** Na solitaria rúa 15024 vive un home parecido a H. Bogart, un *antiheroe* vencido. ANT 11-97, 33
- DES-**
- desfundirse**, *vt vp* O país fúndese e *desfúndese* varias veces por día. ANT 01-97, 28
- desindustrializar**, *vt* A especulación quer *desindustrializar* e recalificar a beiramar de Vigo. ANT 01-97, 2
- desinformación**, *sf* O bloqueo é un sistema global de agresión que contempla unha campaña sistemática de *desinformación* sobre a realidade cubana ANT 06-95, 17
- MULTI-**
- multicultural**, *adx* ... filosofía de respeito dos valores ... *multiculturais*. OCG 20-03-96 p. 46

multiétnico, *adx* ... nas vésperas das eleccións *multiétnicas*. OCG 17-03-96 p. 55

INTER-

interconexión ... a construcción de seis viais de acceso e *interconexión* de servicios OCG 15-03-96, 8

SUPER-

superespectáculo, *sm* Foi un *superespectáculo* audiovisual que tivo como marco o parque de Castrelos. ANT 12-95, 23

Lista de prefixos e as súas ocorrencias:

(13) anti-, (10)des-, (7) multi-, (6) inter-, super- (5) pre-, (4) post-/pos, co-, (3) para-, (2) extra-, hiper-, mono-, (1) contra-, ex-, in-, infra-, intra-.

1.2 B) Por prefixación non tradicional

AUTO-

autodenominarse, *vp* Por moito que o Partido de Milosevic se *autodenomine* socialista ANT 01-97, 19

autonoxo, *sm* A mesma idea que nos moveu hai vinte anos comezamos de novo e que nos permitiu capear ventos de centralismo e touzas rapadas de *autonoxo* e colonialismo. ANT 01-97, 1

autotraducción, *sf* ... magníficas traduccións do español realizadas entre outros por

ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

autores como Marta Pía Lorenzo (...) e tamén das *autotraduccions* autocolante que fan dos seus poemas X. M. Álvarez Cáccamo... ANT 11-96, 3

MACRO-

macroinvestigación, sf Gonzalo Fernández avoga por acometer unha *macroinvestigación* co fin de averiguar a situación do mercado... ANT 11-95, 11

NEO-

neopuritanismo, sm dentro da estratexia ideolóxica do *neopuritanismo* que leva emparellada a suba de tiradas grácias aos escándalos ANT 06-95, 9

Lista de prefixos e ocorrencias

(14) auto-, (3) neo-, pseudo-, (2) macro-, micro-, mini-

1.3 Por derivación parasintética

bidimensionalidade, sm Proxectos que tentan superar a *bidimensionalidade*. ANT 11-96, 21

bioeticista, adx Deben integrar os comités tanto médicos, persoal de enfermería (técnicos en feitos) como xuristas e *bioeticistas* (expertos en valores), así como algún representante dos doentes. OCG 8-2-98, XVI (lecer)

2.1. Por composición non culta

AA tardogótico adx Do tardogótico ao manierismo ANT 06-95, 31

SA centrocampista, adx ... dous xogadores dispútanse a posición de *centrocampista* na selección nacional... OCG 04-12-94

SS purplemanía, sf Vigo é unha das tres capitais da *purplemanía* a nivel mundial. OCG 13-11-94, lecer XV

VS gardahomes sm (...) provocou a contratación dun gardahomes para o xogador OCG 24-03-96, 45

2.2. Por composición culta

ecobiblioteca, sf O colectivo ecoloxista Papaventos porá en funcionamento a partir do próximo luns unha *ecobiblioteca* OCG 14-1-98, 37

ecoconselleiro, sm especialidades de xardinería, documentación científica (...), *ecoconselleiros* (OCG 17-03-96, 34)

ecoetiqueta, sf So dúas empresas pediron a *ecoetiqueta* (OCG 14-03-96, 50)

eurocámara, sf A *eurocámara* pide (...) OCG; 794, 24

eurocampión, sm (...) alzando a copa de *eurocampións* OCG 14-03-96, 40

eurocéptico, adx A definición política de Reedwood é que é *eurocéptico* e quer baixar os impostos ANT 29-6-95

eurodeputado, sm Un *eurodeputado* de CIU. OCG; 794 21

biocontaminante, adx Segundo as mesmas fontes o inicio da actividade da empresa no

Porriño consistiu na queima (...) dos residuos *biocontaminantes* en terreos propiedade da empresa, ANT 14-12-95, 9

biogás, sm Da fermentación destas substancias prodúcese *biogás* que vai á atmósfera e que consume osíxeno. ANT 03-97, 10

bioética, sf Só me queda agora expressalo desexo de que nos hospitais galegos se establezan pronto, e de xeito xeneralizado, estes comités de *bioética* e que medre o número de persoal sanitario... OCG 8-2-98, XVI (lecer).

3. Por sintagmación

droga de deseño, sf A memoria do Proxecto Home revela que medra o consumo de *drogas de deseño* entre os rapaces de 14 a 19 anos. OCG 9-11-94, 1.

tanque de frío, sm ... unicamente 27.501 posúen *tanques de frío* para a entrega refrixerada do producto. OCG 9-11-94, 6.

4. Por abreviación

narco, sm Amenazou a un avogado dos *narcos* galegos arrepentidos. OCG 18-1-94, 1.

5. Neoloxía semántica

bravú, adv Podemos falar dunha aportación dende a literatura ao movemento *bravú*. ANT 07-97, 28

cumio, sm Fraga anunciou a celebración deste *cumio*. OCG 15-03-96, 6 / O *cumio* da Unión Europea en Madrid. OCG 14-01-98, 4 / ... a medida acordouse nun *cumio* ó que asistiu Clinton OCG 12-01-94, 1

siareiro, sm director de La Gaceta de Galicia, e un dos *siareiros*, praticamente un voceiro oficioso de Montero Ríos. OCG 13-11-94, 47 / ... máis de 15000 *siareiros* vitoreaban a Arsénio... ANT 06-95, 3

6. Préstamos

6.1 Sen adaptar

alfandegaría, adv Trátase de que unha vez liberadas todas as barreiras *alfandegarias* ANT 01-97, 3

baby-boom, adv Xa hai nova recompilación cos progresos deses sans tolos que integran o *baby-boom* do audiovisual galego. ANT 8-2-98, XI (lecer)

beco sm Moitas delas foron resultado das oportunidades que se asexan nun estreito *beco* ... ANT 01-97, 16

birdie, sm Con catro *birdies* e un *eagle*, este nº 18, para pecha-lo torneo. OCG 11-11-94

boom, sm ...os traballos sobre semiconductores facilitaron o *boom* da informática. OCG 31-1-94, 26

container, adv O conselleiro *container* Cuiña leva 106 días sen facerse ver. ANT 09-96, 10

- driver, sm Ninguén, que coñenza a terminoloxía se alporiza se escoita a dous informáticos falando e empregando palabras como "scanner", "driver"... ANT 12-95, 16
- dumping, sm Unha solución á crise da pataca, afectada polo *dumping* da pataca francesa. ANT 01-97, 5
- green sm, ... enviou a bola á auga que dropou no green OCG 17-03-96, 48
- grunge, ... do xeito que o *grunge* fixera con Black Sabbath. OCG 11-11-94, 38
- heavy, adx De feito en Madrid os interrogatorios continuaron pero non tan *beavies*. ANT 12-95, 17
- holding, sm ... movido por grandes *holdings* de comunicación. OCG 24-03-96, p. XVIII
- inquérito, sm Segundo os *inqueritos* que aparecen nos periódicos aquí na Galiza está a baixar o paro... ANT 02-97, 19
- megabyte, sm ... unha capacidade de 155 *megabytes*. OCG 15-03-96, 41
- mini-disc, sm Non se utilizan os *mini-disc* que gardan as carátulas dos programas e cortes musicais. ANT 11-95, 9
- parlamentar, adx A iniciativa *parlamentar* defendida polo deputado do BNG Francisco Rodríguez ... ANT 09-96, 1.
- prime-time, sm ... debería ser emitida nas televisións públicas desde o pasado 21 de setembro e nos programas de máis audiéncia, *prime-time*, seique din os entendidos. ANT 11-95, 12
- share, sm o programa acadou un 21% de *share*. OCG 15-03-96, 45
- single, sm ... en 1993 realizaron un *single* para Serafic Decay. OCG 14-03-96, VIII SUP.
- techno, sm Unha das máis influíntes casas británicas de *techno*. OCG 14-03-96, VIII SUP
- ### 6.2 Adaptados
- blueseiro, adx Iglaúver segue constantemente o mundo do blues e non deixa de tentar lanzar novos talentos que podan aportar cousas á cena "blueseira". ANT 01-97, 23
- calité, sf Glenn Ford e Arthur Kennedy danlle a *calité* que lle faltaba. OCG 13-11-94, Lecer XVIII.
- debú, sm Rajoy amosouse irónico ó calificar de desafortunado o *debú* de Asunción en Interior. OCG 15-01-94, 15.
- diskette, sm O Festival convoca un concurso da mellor páxina Web sobre Vigo, que se debe entregar en *diskette*. ANT 01-97, 16
- escáner, sm ... quen dispoña dun *escáner*. OCG 22
- esprint sm ... sorprendeu ós especialistas cun *esprint* na séptima etapa OCG 17-03-96 50
- estand, sm estará a galería galega Trinta, cun *estand* dedicado á obra do escultor. OCG 01-02-94, 2.

estrés, sm O 40% dos fillos de pais
separados sofre *estrés*. OCG
14-11-97, 48

jonqui, sm Un terrorista do comando
Madrid e unha *jonqui* e
prostituta ocasional viven
unha historia de amor. OCG
13-11-94, Lecer XVIII

lobbista ... adx O labor *lobbista*, as
filtracións, informes, apoio
financeiro, etc..., depara un
espectáculo de fortes
acusacións e descalificacións e
a asociación entre grupos
aparentemente pouco afins.

ANT 11-96, 12

márketing, sm Os outros argumentos
non lle preocupan á dereita
sendo usados por IU como
márketing. ANT 07-94, 12

oued, sm a especial carreira foi moi
traidora porque era rapidísima
pero de repente encontrabas
oueds ou trampas de area.
OCG 12-01-94, 19.

rapeiro, sm Agora desde o
establishment promociónase a
roupa dos *rapeiros*
norteamericanos... ANT 09-96,
18

7. Calcós

colo branco sm O decreto afecta ós
delictos de *colo branco* ANT
07-94, 13

mercado gris, sm O Banesto
negociou no *mercado gris* un
total de 3.711.518 accións.
OCG 31-1-94, 21

Notas

- 1 Diccionarios de F. J. Rodríguez, 1863; Cuveiro Piñol, 1876; Marcial Valladares, 1884; Saco e Arce, 1868.
- 2 Como mostra véxanse os seguintes neoloxismos de R. Otero Pedrayo creados por composición e derivación: *atreboar*, *alonxar*, *lonxanta*, *adicanza*, *figuranza*, *cetbeza*, *lotreza*, *pescudación*, *decrebamento*, *ledoiro*, *alapeador*, *escorrentador* ou a pegada do empréstito portugués en palabras como *afeitado*, *aldeia*, *camponés*, *cónego*, *defesa*, *descer*, *marfim*, *miraxe*, *seiva*, *sul* sen esquece-los préstamos doutras linguas como o francés (*élan*, *ordre*, *manxar*, *portar*), o inglés (*sport*, *sportivo*) ou mesmo o italiano (*palazzo*, *profil*) (Fernández & Monteagudo, 1995:137-139).
- 3 Esta circunstancia tamén a constatan (Cabré, Freixa e Solé, 1997) cando afirman que, debido á regularidade morfolóxica coa que se constrúen determinados neoloxismos, os receptores, usuarios da lingua, non os perciben como tales. De aí que o criterio psicolóxico sexa importante para a definición correcta do concepto de neoloxismo (Cabré, 1993: 445), malia que de difícil cuantificación.
- 4 Debido a isto, faise necesaria a elaboración dun diccionario de neoloxismos que impida que moitas palabras pasen por un proceso de marxinación lexicográfica que non é nada positivo para a lingua. A partir destes repertorios moitas palabras de nova creación poderán ser incorporadas ás obras lexicográficas normativas despois dun proceso de análise.
- 5 Non obstante, hai que ter en conta que a aparición da marca de neoloxismo nun diccionario pode crear confusión no usuario que, como apunta Boulanger (1984:10), pode crer que se está ante unha palabra non recomendada para o uso. Menos problemática é a práctica da lexicografía moderna de introducir ó lado de cada nova palabra a data da súa aparición, o que permite contextualizar dunha maneira clara a aparición da palabra no conxunto de feitos sociais que permitiron a súa creación.
- 6 Parte dos exemplos aquí reflectidos, que pasaron a unha base de datos, xermolo do Miradoiro de Neoloxía do Departamento de Galego da Universidade de Vigo, están tirados de traballos de curso de Ana María Castro, Olivia Pena, Manuel Docampo, Beatriz Posada, Cristina Santiago, Esteban Recamán, Luísa Lage, María Otero, Clara Liz, Carmen Pérez, Victoria Pombo, Marta Tarrío, Iria Taibo, Laura Tellado, Xoán Ladra, Rita Paredes, Aida Outeiro, Inma Castiñeiras.
- 7 Unha clasificación deste tipo non está exenta de posibles críticas. Como apunta Deroy (1971:8) moitas veces é difícil distinguir entre a creación formal e semántica (ou creación interna) e o préstamo, pois en moitas ocasións cando se adapta un préstamo se está a facer neoloxía formal e tamén moi frecuentemente aparecen novas acepcións en palabras que non son máis ca calcos de sentido de palabras estranxeiras.
- 8 Esta metodoloxía de traballo é a mesma adoptada por outros centros investigadores como o Observatori de Neología do IULA.

9 Con estes exemplos preséntase o discutido problema dos límites da creación léxica. Véxase, para máis exemplos, o traballo de Díaz Abraira (1997:99-102).

10 Para unha comprensión máis axeitada véxase Graña (1993:87-103) e tamén Ferreiro (1997:321-326).

Referencias Bibliográficas

- Auger, P. & Rousseau, L. (1987) *Metodología de la recerca terminológica*. Traducció e adaptació M. T. Cabré i Castellví. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.
- Boulanger, J. C. (1984) "Quelques observations sur l'innovation lexicale spontanée et sur l'innovation lexicale planifiée". *La Banque des Mots*, 27.
- Cabré, M. Teresa, Freixa, Judit, Solé, Elisabet (1997) "À la limite des mots construits possibles". In D. CORBIN et al. (ed.) *Mots possibles et mots existants. Forum de morphologie. Actes du Colloque de Villeneuve de Ascq (28-29 avril 1997)*, publications de l'U.R.A., 382 du CNRS (SILEX), Université de Lille III.
- Cabré, M.T. (1993) *La terminología, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Ampurias.
- Deroy, L. (1971) "Néologie et néologismes: essai de typologie générale". *La Banque des mots*, nº 1. París: Presses Universitaires de France.
- Díaz Abraira (1997) "Algunhas reflexións (sucintosas) sobre o creacionismo léxico". *Cadernos de Lingua* 16. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Salgado, B e H. Monteagudo Romero (1995) "Do galego literario ó galego común: o proceso de estandarización na época contemporánea". En *Estudios de Sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.
- Ferreira, M. e M. Correia (1992) "O comportamento prefixal de *não*". In Ramón Lorenzo (ed.) *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románticas*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Ferreiro Fernández, M. (1997) *Gramática histórica galega II Lexicoloxía*. Santiago: Laivento.
- Galisson, R. (1978) *Recherches de lexicologie descriptive: la banalisation lexicale*. Paris: Nathan.
- García Cancela, X. e Díaz Abraira, C. (1994) *Manual de linguaxe administrativa*. 2^a ed. corrixida. Santiago: Egap.
- Graña Núñez, X. (1993) *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Guilbert, L. (1971) "La néologie scientifique et technique". *La banque des mots* 1.
- Li Ching (1964-1973) "Sobre a formação de palavras com prefixos em português actual". In *Boletim de Filologia*. Tomo XXII. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 1964-1973. p. 127.
- Lino, M. T. Rijo da Fonseca (1990) "Banco de neologismos do português contemporâneo. Balanço de uma experiência". In *Letras de Hoje*, 25. Lisboa: Universidade Nova.
- Rey, A. (1976) "Neologisme, un pseudo-concept". In *Cahiers de Lexicologie*, 28.

ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

Rodríguez Río (1996) "Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades". In *Cadernos de Lingua* 13, Santiago: Real Academia Galega.